



INFORMACIÓN Á POBOACIÓN

PLAN DE EMERXENCIA DE PRESAS

PRESA DE EIRAS



POR QUE OS PLANS DE EMERXENCIA DE PRESAS?

O risco de inundación existe alí onde haxa un río e, aínda que a probabilidade de inundación é escasa, hai que estar preparado.

As posibles causas das inundacións son diversas, pero a causa principal son as precipitacións. Neste sentido, as presas poden minimizar os efectos das inundacións mediante a laminación das avenidas, e a súa acción é esencialmente beneficiosa.

O risco de rotura dunha presa é practicamente inexistente. Con todo, estas infraestruturas contan con plans de emerxencia altamente eficaces e están preparadas para esta situación.

QUE FACER?

- Se soase a sirena, hai que dirixirse aos lugares máis elevados da poboación.
- Acudir ao punto de reunión ou punto de encontro, establecido de antemán polas autoridades.
- Seguir as instrucións que indiquen as autoridades.
- Afastarse dos ríos, torrentes e áreas inundadas.
- Levar un aparello de radio.
- Manterse informado. Estar atento ás informacións dos medios de comunicación.

QUE NON FACER?


- Non chame por teléfono pois saturará as liñas necesarias para organizar a súa evacuación. Os servizos de emerxencia necesitarán facer uso delas.
- Non utilizar as estradas afectadas, o seu corte pode deixalo bloqueado.
- Non vaia buscar os nenos á escola. Os mestres saben como actuar e evacuaranos con orde e eficacia, tal como fan nos simulacros.
- Non volva cara atrás, pois as crecidas dos ríos poden ser moi rápidas e non dar tempo a un retroceso na evacuación.

ALERTA E FIN DE ALERTA

As sirenas instaladas soarán en canto se considere que existe un perigo para a poboación por rotura inminente da presa.

O son de emerxencia consiste en tramas dun minuto de duración formadas por 30 ciclos de 2 segundos. Cada trama está separada da anterior por un silencio de 5 segundos.

O fin de alerta anúnciase mediante un sinal continuado da sirena durante un período de 30 segundos.



EMISORAS DE RADIO

RADIO GALEGA:	102.3 Mhz
ONDA CERO:	105.4 / 103.6 Mhz
COPE:	87.8 Mhz
RADIO 5:	96.0 / 104.3 Mhz
SER:	100.6 Mhzz